

CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL

Letras Galegas 2026

-Convocatoria Local -

A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE BURELA convoca o **CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL LETRAS GALEGAS 2026** (Fase Local), de acordo coas seguintes bases:

1.- Poden participar todas as nenas e nenos con:

A) Narracións, en galego, cunha extensión máxima de **1 folio por unha soa cara**, sobre o tema proposto a continuación: **"Medrar lendo"**.

Ao largo da vida, hai momentos que nos cambian: cando aprendemos a ler as nosas primeiras palabras, cando descubrimos un conto que nos fai rir sen parar ou cando atopamos unha historia que parece falarnos directamente ao corazón.

Invitámoste a recordar e contar eses instantes especiais nos que os libros foron os teus compañeiros, axudándote a entender o mundo, a sentirte acompañado e a imaxinar novos camiños.

B) Debuxos, feitos sobre **papel ou cartolina** tamaño **DIN A4**, sobre o tema proposto a continuación: **"Medrar lendo"**.

Ao largo da vida, hai momentos que nos cambian: cando aprendemos a ler as nosas primeiras palabras, cando descubrimos un conto que nos fai rir sen parar ou cando atopamos unha historia que parece falarnos directamente ao corazón.

Invitámoste a recordar e contar eses instantes especiais nos que os libros foron os teus compañeiros, axudándote a entender o mundo, a sentirte acompañado e a imaxinar novos camiños.

2.- Cada autor pode presentar cantos traballos desexe, mecanografados, escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lapis. Con cada traballo, acompañarase unha folla co nome e demais datos do autor en LETRA MAIÚSCULA.

3.- Establécense tres categorías: **A**, ata 8 anos; **B**, de 9 a 11 anos; e **C**, de 12 a 16 anos.

4.- O prazo de presentación dos traballos rematará o **vindeiro 11 de maio**, debendo ser entregados polos seus autores na BIBLIOTECA MUNICIPAL.

5.- O xurado, formado por persoas entendidas na materia, seleccionará por cada modalidade e categoría un máximo de 3 traballos.

6.- Os traballos premiados nesta fase local participarán na fase provincial do Certame, convocada pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia.

7.- Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da Biblioteca Pública que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.

8.- Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.

9.- A presentación das obras a este Certame supón a aceptación das presentes bases.



FOLLA DE DATOS PERSOAIS (PRE-ENCHER EN MAIÚSCULAS)

APELIDOS:

NOME:

ENDEREZO COMPLETO:

.....

TELÉFONO:

IDADE:

COLEXIO:

CURSO:

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE BURELA

Dacordo con o establecido no RGPD e a LOPDGDD, informámoslle que o responsable de tratamento dos seus datos persoais e/o os do menor (no seu caso) é o Concello de Burela con dirección en Cl. Eijo Garay, nº 20, CP 27880, en Burela (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión dos obradoiros, actividades e cursos de formación organizados polo Concello. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://burela.sedelectronica.es/>

Uso de fotografías e/ou vídeos: coa finalidade de promocionar as actividades de formación desenvolvidas polo Concello, gustaríanos contar co seu consentimento para a toma e publicación de imaxes e/ou vídeos nos que poida aparecer vostede ou, no seu caso, o menor ao seu cargo, para á súa publicación tanto na páxina web oficial do Concello, nos perfís abertos pola entidade nas redes sociais e/o en publicacións que se poidan chegar a realizar en soporte papel e/o en medios de comunicación.

Por favor marque a casa que se axuste en cada caso aos permisos que queira darnos.

FOTOGRAFÍAS/VIDEOS

- Si, dou o meu consentimento para que se publiquen imaxes e/o vídeos nos que poida aparecer eu ou, no seu caso, o menor ao meu cargo a través das canles mencionadas.
- Non dou o meu consentimento para que se publiquen imaxes e/o vídeos nos que poida aparecer eu ou, no seu caso, o menor ao meu cargo.

Concello de Burela infórmalle que en calquera momento vostede poderá proceder a retirar o consentimento facilitado para a publicación de imaxes e/ou vídeos, mediante comunicación dirixida á dirección arriba indicada, sen que iso anule a lexitimación dos tratamentos que se efectuaron desde que se outorgou o consentimento ata o momento da retirada.

Tratamento	OBRADOIROS E FORMACIÓN
Responsable do tratamento	Concello de Burela, Cl. Eijo Garay, nº 20, CP 27880, en Burela (Lugo) correo electrónico: protecciondedatos@burela.org Teléfono: 982 58 60 00
Contacto do Delegado de Protección de Datos	Correo electrónico: dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org
Finalidade e prazos de conservación	Xestión dos obradoiros, actividades e cursos de formación organizados e coordinados polo Concello. Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que foron solicitados e para determinar posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e/o tratamento de datos. Os seus datos non serán utilizados para elaborar decisións automatizadas.
Lexitimación do tratamento	A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento expreso e explícito que facilitou no momento de solicitarse a inscrición na actividade.
Destinatarios dos datos	Os seus datos persoais poderían comunicarse a empresas e/ou profesionais que poidan participar na coordinación da actividade e que terán a condición de encargados de tratamento.
Dereitos das persoas interesadas	Dereito de acceso: pedir información dos datos persoais dos que dispoñamos acerca de vostede. Dereito de rectificación: comunicar calquera cambio nos seus datos persoais. <u>Dereito de supresión e olvido:</u> en algúns casos, solicitar a eliminación, previo bloqueo dos datos persoais. <u>Dereito de limitación ao tratamento:</u> en algúns casos, solicitar a restricción do tratamento dos seus datos. <u>Dereito á portabilidade:</u> nalgúns casos pedir unha copia dos seus datos persoais nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica para a súa transmisión a outro responsable. <u>Dereito a non ser obxecto de decisións individualizadas:</u> nalgúns casos, solicitar que non se tomen decisións que se basen unicamente no tratamento automatizado, incluíndo a elaboración de perfíles, que produza efectos xurídicos ou lle afecten significativamente. <u>Dereito a retirar o seu consentimento:</u> en algúns casos, en calquera momento, sin que anule a lexitimación dos tratamentos que se realizaran dende que se otorgou o consentimento ata que vostede o retirara. Para máis información de cómo poder exercitar os seus dereitos dirixase ao Rexistro de Entrada do Concello de Burela sito na dirección arriba indicada, ou pode levar a cabo dita acción a través dos formularios que a entidade pon á súa disposición na sede electrónica do Concello: https://burela.sedelectronica.es/ . Se considera que algún dos dereitos anteriormente mencionados non foi respectado, vostede terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. (https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphp.php).